

NAVEGANDO CON ROSA

Actividade autónoma para alumnado de 1º e 2º de Primaria.

Mestúrase a dinámica dun **xogo de pistas cunha narración** onde Rosa, unha dorna polbeira, é a protagonista e guía da visita. As diferentes pistas, lidas pola ou polo docente, irán descubríndolle aos nenos e ás nenas diferentes elementos presentes nas salas do Museo, utilizados para a conservación de alimentos, instrumentos musicais, ou pezas de roupa.

O percorrido desta actividade céntrase na planta baixa e na entreplanta do Museo. As pistas van seguindo a orde de circulación, comezando na planta baixa visitando as salas de mar e campo, para despois subir á entreplanta e visitar os oficios (cestería), a indumentaria e a música. A historia péchase onde tiña comezado, na sala do Mar.

Entre as plantas, hai que pasar pola **escaleira helicoidal** que, aínda que non está presente no xogo, pódese incluír incitando ao alumnado a que descubran cal das tres ramplas (están numeradas con números romanos) vai levalos á seguinte cousa a descubrir (a III) Tamén se lles pode preguntar por cal das tres é a que chega arriba de todo (a I).

Instrucións

Xuntamos o xogo con estas instrucións. Tedes que traer as copias necesarias impresas. Aquí darásevos ao entrar, un plano do Museo para que poidades orientarvos e atopar as salas. O persoal de información tamén está para axudarvos.

Recomendámosvos que comeceades no Claustro, onde podedes contar o que vós queirades sobre o Museo e indicando que o primeiro é ir na busca de Rosa. Unha vez na sala do Mar comezamos a seguir as indicacións do conto que non son máis que unhas suxestións para facilitar a visita co alumnado. Podedes parar e/ou introducir os elementos que queirades, usando os recursos dos que dispoñedes no Museo. Cada punto da narración leva embaixo o lugar e o obxecto cara ao que vos suxerimos ir.

Non dubidedes en consultarnos e pedirnos calquera aclaración que necesitedes.

Grazas pola atención!

Educación e Acción Cultural.

Museo do Pobo Galego.

www.museodopobo.gal

Navegando con ROSA

Neste Museo hai un barco que se chama Rosa. Ela carga a súa adega de distintas mercadorías e lévaas dun porto a outro, a navegar pola costa galega. Se queredes coñecer a súa historia teredes que navegar canda ela... Vides?

1. Para comezar a travesía temos que dar con Rosa. Imos mirar polo Museo, seguro que anda nalgunha das salas.

Sala do Mar. Planta baixa. Dorna

2. A Rosa gústalle pescar polbos así que leva un trebello con ela para atrapalos.

Parécese a un cesto e chámase nasa. Distes con ela?

Nasa que está enriba da dorna

3. Xa Rosa comeza a súa travesía e marcha en busca doutros produtos. Podemos ir con ela na busca de cereais para facer pan, como o millo.

Ir para a Sala do Campo. Planta baixa. Millo (ou centeo)

4. Rosa tamén leva na súa adega bebidas, como auga e viño. Para que se conserven fresquiñas usa distintos tipos de recipientes. Imos botarlle un ollo!

Na sala do campo hai varios recipientes para transportar líquidos. Teñen ao lado o nome, por exemplo o odre, a cabaza ou a sella, ademais das xerras e cacharros de barro.

5. Lembrades os cereais? E o pan que podemos facer con eles? Para gardar o pan, Rosa usa unha cesta. Pero hai un feixe delas. Cal é a que vos gusta máis?

Sala de cestería. Entreplanta. Cestos e cestas feitas de varas de castiñeiro e carballo; de vimbio pelado e sen pelar, e de palla de centeo.

6. As persoas que navegamos na Rosa temos que ir abrigadas con roupa para non mollarnos. Imos ver agora unha prenda especial para non mollar o corpo e os pes?

Sala de indumentaria. Entrechán. A coroz.

7. As viaxes poden ser algo longas e non queremos aburrirnos, así que imos tocar algo de música. Que tal se imos a por un instrumento que ten manivela e teclado. Sabedes como se chama?

Sala de Música. Entrechán. Zanfona.

8. Rosa volve a casa. Despois de tanto viaxar pode ter algún golpe ou a súa pintura puido estragarse. Debe ir xunto alguén que a deixe como nova. Quen poderá arranxala?

Sala do Mar. Planta Baixa. Carpintería de Ribeira.